




# A Esmorga Compostelá



**Compostela  
Filmada**

**Por Iván Villarrea Álvarez**

Calquera día do ano 2010, pola mañá, na Cafetería Candilejas da Praza de Mazarelos. Dous bébedos de reenganche: Fran e Tuto, Tuto e Fran, un cacharro en cada man; encantados de coñecerse, esmendrellándose de risa, compaxinando aforismos pedestres (“o almorzo é a comida máis importante do día”) con brincadeiras ruíns sobre John Fitzgerald Kennedy (“foi a Dallas e levounas”). Velaí un dos varios comezos da longametraxe *18 Comidas* (Jorge Coira, 2010), unha ficción coral sobre os praceres da boa mesa que foi bastante ben recibida no seu momento. Calquera espectador que teña gozado e sufrido cos beneficios e esixencias do reenganche recoñecerá a situación: chegado certo punto —hora arriba ou hora abaixo, copa máis ou copa menos— non hai volta atrás, é unha esmorga con tódalas súas consecuencias, tan divertida como autodestrutiva. Menos mal que un camareiro anónimo aparece ao final desa escena inicial cun prato de lagostinos, para que os personaxes poidan baixar o seu nivel de alcol cunha boa subida de ácido úrico. Iso é que é a vida!



*18 comidas*, os praceres do reenganche

A historia nocturna de Fran e Tuto fica elidida de *18 comidas* porque é unha historia que xa foi contada e que aínda o será repetidas veces nas dúas primeiras décadas do século XXI: é a historia dos machos pirolos atribulados que procuran na noite e na festa o que non saben conseguir de día pola súa conta; un impulso evasivo e expansivo, eufórico e hedonista, que tan ben definiu o músico Nuno Pico, transmutado en Grande Amore, cando berra “vamos enchernos e vamos falar de cousas” na súa canción homónima. Que máis se pode pedir? Marta Pérez Pereiro, no seu artigo “Coidadoras e dispoñíbeis” (2021) —dispoñíbel neste mesmo blog, nesta [ligazón](#)— xa identificou esta narrativa hexemónica como unha “posta en escena da amizade masculina asociada á noite, a peregrinacións profanas polos bares da cidade [e] a unha sensación de comodidade no espazo público que non se representa en ningún momento asociado a grupos de mulleres”. Que sabemos daquela de todos estes homes perdidos á noite nun campo de nabos? Cal é o modelo de masculinidade que nos deixa ver o cinema compostelán deste século?



*A Estación Violenta*, vémonos no baño

De Fran e Tuto, cando menos, sabemos ben pouca cousa: sabemos que son vendedores, que se coñeceron facendo un curso e que só se deberon recoñecer como almas xemelgas despois do primeiro brindado, a xulgar pola confesión que Tuto lle fai a Fran chegada a fase de exaltación da amizade — dille que a primeira vez que o viu pensou “este tipo é medio aquelado”. Calquera destes dous, na verdade, podería coincidir nunha noite de esmorga con Spleen, o dandi altivo e aparvado de *La noche que dejó de llover* (Alfonso Zarauza, 2008), un neno mimado que vaga pola zona vella compostelá coma se fose un labirinto do que non consegue saír; ou podería tamén cruzarse na porta dalgún baño con Manoel, o escritor mudo e peludo de *A Estación Violenta* (Anxos Fazáns, 2017) que arrastra a súa figura engruñada polas mesmas rúas —da Rúa de Xersualén á Rúa das Ánimas, as dúas na contorna da Praza de Cervantes, por ser calexas doadas de cortar ao tránsito durante as rodaxes— ou mesmo con David, o rival amoroso do devandito Manoel, unha versión local do que se supón que debería ser unha estrela do rock que non chega nin sequera a miñaxoia. Son todos homes de fachada pétrea e tripas moles, seareiros insistentes dos mesmos purgatorios: nuns planos camiñan cara a Igrexa das Ánimas, noutros cara a porta ou cara os baños da Reixa, rebautizada como La Taberna de los Dramáticos en *La noche que dejó de llover*, onde a montaxe permite fusionar o exterior da Reixa co interior do Galo d’Ouro. Até Xacobe, o desnortado escultor de *Trece badaladas* (Xavier Villaverde, 2003), ponse a beber ao pouco de chegar a Compostela, malia ser esquizofrénico, como se houbese algo na cidade —no filme, supostamente, é o espírito maligno de seu pai, e na novela era directamente o espírito maligno do Mestre Mateo— que levase aos homes polo mal camiño, especialmente aos que son traballadores creativos: nada mellor que outro cacharro, disque din estes filmes, para aturar outro día máis de choiva e de autoflaxelación.





13 badaladas, ponme aí outra copa

*Encallados* (Alfonso Zarauza, 2013), o título se atreveu a formular “a grande historia deste país”, pode que sexa o retrato máis fiel desta deriva dispersiva: tres homes pasan unha semana a tentar elaborar unha proposta para un filme sobre a catástrofe do Prestige e non conseguen contar máis do que a historia do seu propio fracaso. O seu director, Alfonso Zarauza, bo coñecedor das glórias e miserias das tabernas e da bohemia compostelá, como ben explica nunha entrevista publicada no libro *Compostela no Cinema* (López López, 2021: 193-208), concibe este filme como unha celebración autoparódica desas esmorgas imprevistas que compensan e enmascaran as nosas propias limitacións, como persoas e como sociedade. É un vello truco, unha forma de resistencia: transformar a épica da traxedia no posibilismo da comedia, as fraquezas do proxecto na forza do concepto, o tempo de traballo en tempo de lecer, como ben saben Andy e Pato —os dobres autoficcionais de Andrés Mahía e de Xosé Castro, co-guionistas reais de *Encallados*— cando asaltan a Farruco Castromán —personaxe, actor e produtor real deste filme— para negociar as súas condicións laborais:

*Andy: Hostiá, di que non nos paga até que vexa o guión!*

*Pato: Home, e que esperabas, Andy?*

*Andy: Pero mira o que lle quítei: 200 euritos pa' gastos!*

*Pato: Que cabrón, que cabrón! Pa' gastos de que, ho?*

*Andy: Eu que sei, que máis dá, Pato! Eu así síntome moito menos pringao.*

*Pato: Tes razón, así polo menos non quedamos de gilipollas. Vámonos encher?*

*Andy: Hostiá, paga ZircoZine!*

200€ non dan —nin antes, nin moito menos agora— para grandes esmorgas, mais son unha excelente escusa —antes do que un estímulo— para deixar de traballar. Andy e Pato —interpretado, este último, por Federico Pérez Rey, o mesmo actor que encarnaba a Tuto en *18 comidas*— irán á procura de Alfonso —o dobre autoficcional de Zarauza, interpretado por Xulio Abonjo— na súa casa da Rúa dos Loureiros para

logo baixar todos xuntos pola Costa Vella e a Rúa das Hortas —camiño do que semella un encontro elíptico coas traballadoras sexuais do vello Pombal— e reaparecer máis tarde bebendo cuncas e comendo polbo no Mosquito, reaberto especialmente para esta rodaxe cando o bar xa estaba definitivamente pechado (ver Zarauza en López López, 2021: 205). O itinerario destes tres personaxes seguirá polos bares da zona vella, de novo na Reixa, e despois tamén no Paraíso Perdido, onde Andy e Pato confesarán a súa incapacidade para representar a catástrofe no Prestige en proxectos anteriores: Andy, por exemplo, fala dun documental no que traballou —*Muxía, política na Costa da Morte* (Ricardo Llovo, 2003)— do que decidiron retirar unha escena especialmente significativa —e vergoñenta— na que aparecían uns mariñeiros empreándose nunha taberna local, cos cartos do subsidio concedido polo goberno, mentres cantaban “outro máis, outro máis”. Esta anécdota recunca unha vez máis na brétema alcohólica como refuxio e como fuxida, quer dos mariñeiros, quer dos cineastas, que non deixan de reproducir a mesma situación —embebedarse con cartos alleos— nun contexto diferente. Será que alguén consegue rexeitar esa enésima copa cando pagan outros?



*Encallados, outro máis, outro máis*

Os turistas cinéfilos que veñan a Compostela coa vontade de seguir os pasos destes seres de luz e de sombras encontraranse coa miraxe dunha “bohemia cativreira, cutre, hedonista e viciosa, pero moi auténtica”, como a describe Alfonso Zarauza (en López López, 2021: 194), que semella vampirizar calquera outra experiencia posíbel nunha cidade escindida entre o ceo dos peregrinos e o inferno dos pándegos. Chegados a este punto, agora que xa coñecemos ben estes estereotipos, sería o momento de alargar e afondar as representacións das persoas que habitan esta cidade, atendendo ás súas múltiples variacións, inventándoas se fai falla, para non ficar presos dos tópicos do camiño, da choiva, dos bares e dos cacharros. Algo máis haberá que se poida facer en Compostela! Xa vimos como somos e como non hai que ser. Agora só falta ver todo o demais.


## Filmografía

*18 Comidas* (Jorge Coira, 2010)  
*A estación violenta* (Anxos Fazáns, 2017)  
*Encallados* (Alfonso Zarauza, 2013)  
*Muxía, política na Costa da Morte* (Ricardo Llovo, 2003)  
*La noche que dejó de llover* (Alfonso Zarauza, 2008)  
*Trece badaladas* (Xavier Villaverde, 2003)

## Bibliografía

López López, Yolanda (2021): *Compostela no cinema. Apuntamentos da cidade no século XXI. Brión / Santiago de Compostela*: Editorial Guiverny / Consorcio de Santiago.

Pérez Pereiro, Marta (2021): “Coidadoras e dispoñibles. As mulleres nos filmes en Compostela (e as que teñen que vir)”, en *Compostela Filmada*, consultado o 5 de decembro de 2022: <https://compostelafilmada.gal/coidadoras-e-disponhibles/>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**